

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 24 de xullo de 2018

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 24/07/2018
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 24/07/2018
- III. Guías docentes
 - Tecnoloxía Medioambiental
 - Termodinámica e transmisión de calor
- IV. Informe de coordinación do Mestrado en Enxeñaría de Minas

Ábrese a sesión ás 13 horas e 05 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátase os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 9 de xullo de 2018.

Enviouse por correo electrónico, xunto coa convocatoria desta Xunta de Escola.

Unha vez aprobada será publicada na web do centro, na sección de Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola:

<http://minasyenergia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/xunta-de-escola/>

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 9 de xullo de 2018.

2. Informe da Directora

2.1. Organización académica

2.1.1. Sobre o Calendario escolar

- 6 de xullo. Recibiuse unha comunicación de Secretaría Xeral (en diante SX) en relación ao disposto no artigo 13 do “Decreto 68/2018, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do SUG para o curso académico 2018/19”. O devandito artigo sinala que “co fin de facilitar a incorporación do estudantado, as universidades do Sistema Universitario de Galicia fixarán a data de inicio das actividades académicas de docencia nas titulacións oficiais de grao e máster correspondentes ao primeiro cuadrimestre na semana do 10 ao 14 do mes de setembro de 2018”. A Secretaría Xeral informa que remitirá ao Consello de Goberno para a súa aprobación a correspondente modificación do calendario académico que contemple a nova legalidade.
- 10 de xullo. Recibiuse unha comunicación de SX sobre á aplicación do disposto no artigo 13 do Decreto 68/2018, indicando que “Corresponderá entón aos centros decidir como axustan as súas programacións ao novo escenario. Este axuste pode levarse a cabo de distintos xeitos. Moitos centros que dedican a primeira semana ás presentacións, cursos cero, traballos de orientación ao alumnado, etc., non se ven afectados pola modificación. O resto dos centros poden optar por diversas fórmulas, á súa elección: buscar ocos nos seus horarios, axustar estes incrementando proporcionalmente a duración das clases, aproveitar outras actividades académicas que poden ser empregadas na primeira semana, reducir o período dedicado a exames, falar co profesorado implicado para que adapte os seus cronogramas, etc.”
- 13 de xullo. SX envía un escrito “Recomendación da SX sobre a interpretación do artigo 13.....”, no que se sinala que:
 - a) “Secretaría Xeral fará unha proposta de modificación do calendario escolar da Universidade de Vigo, que xa fora aprobado no mes de marzo pasado, fixando o inicio das actividades académicas DE DOCENCIA no luns 10 de setembro de 2018, aínda que dende o luns 3 podan desenvolverse outras actividades académicas”.
 - b) “Son os centros, en exercicio das competencias que teñen atribuídas, e baixo a súa responsabilidade, os que deben decidir se comparten esta opinión que ofrece a Secretaría Xeral ou optan por unha interpretación diferente, para proceder a adaptar a organización da súa docencia á modificación do calendario académico que poda resultar (ou efectivamente resulte) da legalidade vixente exposta; é dicir, para determinar e organizar a realización doutras actividades académicas dende o día 3 de setembro”
- 20 de xullo. O Consello de Goberno aprobou a modificación do calendario escolar, información que se recibiu hoxe pola mañá.

2.1.2. Sobre o Grupo de traballo para a difusión das titulacións do centro

Iago Pozo, Coordinador de Difusión do centro, está organizando un Grupo de Traballo, integrado por persoal docente e investigador do centro. A data actual mostraron os seu interese e dispoñibilidade para participar no devandito grupo as seguinte persoas:

- Raúl Figueroa Martínez (Area de Ciencia dos Materiais e Enxeñaría Metalúrxica)
- Iago Pozo Antonio (Área de Explotación de Minas)
- Persoal docente e investigador da Área de Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría.
- Ignacio Pérez Rey (Área de Explotación de Minas)
- Bienvenido Díaz Ferrer (Área de Estratigrafía)
- Raquel Pérez Orozco (Área de Máquinas e Motores Térmicos)

Posiblemente o grupo ampliarase coa incorporación dalgunha persoa máis. Agradécese a estas persoas a súa dispoñibilidade e interese por participar no desenvolvemento de actividades de difusión das titulacións do centro.

2.2. Actividades de representación

- 9 de xullo. Reunión da Directora con Diego López, Director da Cámara Mineira Oficial de Galicia
- 13 de xullo. Reunión da Directora con Belén Sío, Directora da Asociación Clúster da Xeotermia Galega (ACLUXEGA)
- 20 de xullo. Reunión da Directora con Jesús Fernández, Director de “Ciencia en Movimiento”
- 16 de xullo. Reunión cos representantes de Delegación de Alumnos e Alumnas. Asistiron á reunión Iago Pozo, María Araújo e Elena Alonso, por parte del equipo directivo e Jesús Rico e Santiago Domínguez, en representación de Delegación de Alumnos e Alumnas. Informouse ao alumnado dalgunhas cuestións de tipo administrativo e académico para que poidan difundilas a través das súas canles de comunicación ao estudantado e expuxéronse algunhas cuestións de tipo organizativo fronte ao curso 2019/20. Delegación de Alumnos e Alumnas comezou a traballar na planificación do Mes Cultural de Santa Bárbara, e enviou un correo, solicitando ao profesorado do centro a súa colaboración en forma de impartición de charlas sobre o seu ámbito de investigación ou outros temas de interese. Aproveitamos este foro para difundir esta iniciativa e animar aos profesores e profesoras a participar.
- 17 de xullo. Reunión co Vicerreitor de Planificación e Sostibilidade, a petición da Vicerreitoría, para recoller as necesidades e solicitudes do centro en materia de infraestruturas. Asistiron á reunión José Luis Míguez, Vicerreitor de Planificación e Sostibilidade e José Carlos Caamaño, Director da Área de Infraestruturas e PRL, por parte da Vicerreitoría e David Patiño e a Directora, en representación do centro. Transmitíronse as seguintes solicitudes: (i) necesidade de dotar ao centro dun sistema de aire acondicionado/climatización, (ii) conveniencia de habilitar un acceso directo desde o aparcadoiro de Industriais ao espazo de despachos do profesorado e (iii) proposta do centro para abandeirar iniciativas de edificios verdes na Universidade.

- Compromiso de participación da Directora na Comisión do “Consejo de Colegios de Ingenieros de Minas” para avaliar os plans de estudos das Escolas de Minas.

2.3. Desenvolvemento das titulacións

2.3.1. Defensa TFG/TFM

O alumnado defendeu s TFG e TFM das titulacións do centro nos períodos establecidos polo calendario escolar para as convocatorias de xuño e xullo. En particular, presentáronse

TFM MUEM: 4 traballos en convocatoria de xuño e 10 na de xullo

TFM MXI: 5 traballos en total en las convocatorias de xuño e xullo

TFG: Grao en EE: 11 traballos en xuño e 14 en xullo

TFG: Grao ERME: 0 traballos en xuño e 5 en xullo

2.3.2. Datos de matrícula

En canto aos datos relativos á matrícula, dispónse actualmente dos datos de matrícula do primeiro prazo dos títulos de Máster e da primeira chamada dos títulos de Grao.

MUEM: 1 matrícula

MXEI: 1 matrícula e 1 preinscrición

Grado EE: 20 estudantes matriculados/as e 17 inscricións

Grado ERME: 4 estudantes matriculados/as e 3 inscricións

No caso dos títulos de máster o groso de estudantado (alumnado que finaliza os seus estudos na convocatoria de xullo) adóitase matricular no segundo prazo de preinscrición e matrícula.

No caso dos graos habílanse 5 quendas máis de chamada ata o 13 de setembro. O estudantado que supere as probas de acceso á Universidade en setembro incorporárase nas quendas 7º (4 ao 9 de outubro) e 8º (11 ao 17 de outubro)

2.4. Actividades desenvolvidas polos membros da Comunidade Universitaria

2.4.1. Premio Sociedade Española de Mecánica de Rocas

A Sociedade Española de Mecánica de Rocas acaba de entregar os seus premios anuais e, entre eles, distinguiu cunha mención honorífica ao mellor traballo de investigación de xóvenes investigadores á tese de doutoramento “Diseño de muros tradicionais de contención de granito en seco” realizada pola investigadora María Veiga e dirixida polo profesor Leandro Alejano, do grupo de investigación Explotación de Minas da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

2.4.2. Participación de investigadores do centro no proxecto CAPuS

Os profesores Teresa Rivas e Iago Pozo asistiron á segunda reunión do proxecto CONSERVATION OF ART IN PUBLIC SPACES-CAPuS, financiado pola UE a través dos seus programas ERASMUS+- Knowledge Alliances. Conta coa participación de 17 socios en 7 países. O principal obxectivo é o desenvolvemento de directrices para a protección (documentación, intervención directa e conservación preventiva) da arte urbano e a súa inclusión nun módulo formativo de libre acceso a todas as titulacións e niveis de formación relacionados coa conservación do patrimonio. Máis información do proxecto CAPuS en <http://www.capusproject.eu/>

2.4.3. Concesión Proxecto SAFEWAY

Concesión do primeiro proxecto europeo da convocatoria H2020 liderado pola Universidade de Vigo. Este proxecto é especialmente relevante para a Universidade, porque é a primeira vez que a UVigo consegue coordinar un proxecto destas características, e tamén para o centro, dado que o proxecto está liderado polo Grupo de Xeotecnoloxías Aplicadas do centro, grupo de referencia da Xunta, e apoiado polos grupos Encomat (Enxeñaría de Corrosión e Materiais) e GTE (Tecnoloxía Enerxética), da Universidade de Vigo, grupos nos que participa máis profesorado do centro.

El obxectivo do proxecto é crear un sistema europeo de xestión de infraestruturas capaz de deseñar, validar e establecer métodos, estratexias, ferramentas e intervencións técnicas para aumentar de xeito significativo a resistencia e a seguridade da rede de estradas e de infraestruturas ferroviarias ante circunstancias adversas ou eventos extremos, desde inundacións ata secas, incendios forestais, terremotos ou correntes de terra.

O proxecto Safeway reúne o traballo de 15 socios de sete países, entre eles Estados Unidos, e é un proceso longo e difícil que se iniciou hai xa preto de dous anos e no que se presentaron preto de 60 solicitudes das que só tres se resolveron de xeito positivo.

Aproveitamos para felicitar ao persoal investigador deste proxecto, especialmente ao colectivo vinculado ao centro.

Máis información en:

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/universidade-lidera-proxecto-europeo-xestion-infraestruturas-que-facilita-resposta-rapida-eventos>

Desde a dirección cremos que a Xunta de Escola é un foro adecuado para visibilizar o traballo do persoal investigador e docente do centro, polo que vos pedimos que nos manteñades informados destas actividades, para poder darlles a merecida publicidade. Tamén vos agradeceríamos que, na medida en que estimes oportuno, inclúase o nome do centro nas vosas intervencións e notas de prensa.

2.5. Información de procedementos administrativos e/ou académicos

2.5.1. Introducción dos méritos Docentia

Está aberto o prazo para que o profesorado do centro introduza na plataforma, habilitada para o efecto en Secretaría Virtual, os méritos individuais para o programa Docencia Anual. Desde o centro e Departamentos introdúcense os méritos dos que se ten información. Os méritos xerados a título individual polo profesorado ou xerados noutras universidades ou institucións deben ser introducidos por cada profesor ou profesora individualmente. O prazo termina o 3 de agosto.

2.5.2. Saídas de campo

Habilitouse o procedemento para solicitar ao centro saídas de campo para as materias do primeiro cuadrimestre. O procedemento é o mesmo que en cursos anteriores (enviar ao Negociado o formulario cumprimentado e firmado). O prazo de solicitudes finaliza o día 1 de outubro de 2018.

2.5.3. Bolsa de colaboración en Actividades de Divulgación Científica na emE

18 de xullo: Publicación da Bolsa de colaboración en Actividades de Divulgación Científica na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, 2018/19. Prazo de presentación de solicitudes do 18 de xullo ao 10 de agosto.

Requisitos

- Estar matriculado/a no curso 2018/2019 e durante todo o período de duración da bolsa, nalgunha das titulacións do centro.
- Ter superados o 50% dos créditos dos estudos de Grao nos que se matricula, ou o 100% dos estudos que lle deron acceso ao Máster do que se matricula.
- Non ter gozado con anterioridade dunha bolsa de formación complementaria da Universidade de Vigo durante máis de doce meses, de forma consecutiva ou discontinua.

Información en <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/avisos/aviso/show/18782>

2.5.4. Premio á Excelencia Académica para alumnado que inicia estudos de mestrado na UVigo no 2018/19

O 16 de xullo publicouse a convocatoria de Premios á Excelencia Académica para o alumnado que inicia estudos de mestrado na UVIGO no 2018/19. Termina o prazo de presentación de solicitudes o día 17 de outubro.

Requisitos:

- Estar matriculado/a por primeira vez en estudos de Máster na Universidade de Vigo no curso 2018/2019 e manter a condición de matrícula durante todo o curso académico.
- Obter unha nota media ponderada igual ou superior a 1,00. A nota media ponderada calcúlase dividindo a nota media do expediente académico do grao ou da licenciatura previa, entre a nota media da titulación.

Información en <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/avisos/aviso/show/18763>

3. Modificación, se procede, do calendario escolar para o curso 2018/2019.

A proposta de modificación por parte da dirección é que o acto de benvida para o alumnado de novo ingreso teña lugar o venres 7 de setembro e que a docencia comece o luns 10 de setembro. Mantense sen cambios a restante programación incluída no calendario escolar aprobado pola Xunta de Escola na súa reunión do 4 de xuño.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a modificación do calendario escolar para o curso 2018/2019.

4. Modificación, se procede, do calendario de exames na EE de Minas e Enerxía para o curso 2018/2019.

A proposta da dirección é a de manter o calendario de exames sen modificacións con respecto ao aprobado pola Xunta de Escola na súa reunión celebrada o 4 de xuño.

A Xunta de Escola aproba por asentimento non modificar o calendario de exames na EE de Minas e Enerxía para o curso 2018/2019.

5. Aprobación, se procede, das guías docentes dos Graos impartidos na EE de Minas e Enerxía para o curso 2018/2019.

Enviouse a documentación coa convocatoria desta sesión (Anexo III). Na Xunta de Escola celebrada o 9 de xullo, non se aprobaron as guías docentes de “Tecnoloxía Medioambiental” e de “Termodinámica e transmisión de calor”.

Tras analizar estas guías a dirección propón que sexan aprobadas sen cambios e adiar a revisión e posible modificación das guías docentes cando se leve a cabo a revisión das memorias das titulacións da Escola.

A alumna dona Carmen Filgueira Sánchez solicita que conste en acta a desconformidade do alumnado coa guía da materia “Termodinámica e transmisión de calor”. Sinala que hai un desaxuste entre o exposto na guía docente e o aplicado nas clases. En particular, o apartado de avaliación da materia non se axusta á realidade.

A Xunta de Escola aproba por asentimento as guías docentes dos Graos impartidos na EE de Minas e Enerxía para o curso 2018/2019.

6. Modificación, se procede, de responsables da coordinación para o curso 2018/2019.

A dirección propón os seguintes cambios con respecto ao aprobado na Xunta de Escola celebrada o 4 de xuño:

Coordinación	Coordinador/a (XE 4 xuño)	Proposta XE 24 xullo
1º Curso MUEM	Teresa Rivas Brea	Teresa Rivas Brea
2º Curso MUEM	Teresa Rivas Brea	Marta Cabeza Simó
Calidade MUEM	María Araújo Fernández	Guillermo García Lomba

PAT-MEET	Itziar Goicoechea Castaño	Eduardo Liz Marzán, Ángeles Saavedra González, Itziar Goicoechea Castaño
-----------------	---------------------------	--

A Xunta de Escola aproba por asentimento a modificación de responsables da coordinación para o curso 2018/2019.

7. Modificación, se procede, da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente para o curso 2018/2019.

A dirección propón os seguintes cambios con respecto ao aprobado na Xunta de Escola celebrada o 4 de xuño:

Profesor/a	Nº horas (XE 4 xuño)	Proposta Nº horas XE 24 xullo
Ángeles Saavedra González (Calidade)	20	15
Ángeles Saavedra González (PAT-MEET)	16	15
Guillermo García Lomba (Calidade)	0	6

A Xunta de Escola aproba por asentimento a modificación da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente para o curso 2018/2019

8. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

Tráese neste punto para a súa aprobación, se procede, o Informe de Coordinación do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas do 2017/18 (Anexo IV). O informe de coordinación é un resumo das reunións realizadas polos equipos de coordinación dos títulos, dos cursos e das materias e do equipo responsable do PAT. Recóllense os principais temas tratados nas reunións, así como as correspondentes reflexións e valoracións que, nalgúns casos, deron lugar a propostas de mellora.

A redacción final do texto foi revisada para garantir o uso de linguaxe non sexista. O traballo foi realizado por dona Teresa Rivas, enlace de igualdade do centro, a quen se agradece o traballo realizado.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o Informe de Coordinación do Mestrado en Enxeñaría de Minas.

9. Rogos e preguntas.

O alumno don Juan Jesús Rico Fuentes comenta que detectouse o que pode ser unha descoordinación entre a ORI e a Escola no que atinxe ao programa Erasmus Prácticas. Deuse o caso de alumnado que, tras realizar o programa tivo problemas para que a Escola lle

recoñecese créditos como prácticas extracurriculares. A directora comprométese a indagar para esclarecer este punto.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 40 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a vinte e catro de xullo de dous mil dezaioito.

Vº e Prace
A Directora

A Secretaria

Elena Alonso Prieto

Ángeles Saavedra González



ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 24/07/2018



ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 24/07/2018

Profesorado	
1.	Alejano Monge, Leandro
2.	Alonso Prieto, Elena
3.	Araújo Fernández, María
4.	Arias Sánchez, Pedro
5.	Cabeza Simó, Marta
6.	García Bastante, Fernando
7.	Giráldez Pérez, Eduardo
8.	González Rodríguez, Elena
9.	Liz Marzán, Eduardo
10.	Mandado Vázquez, Alfonso
11.	Patiño Vilas, David
12.	Rivas Brea, Teresa
13.	Saavedra González, Ángeles
14.	Vijande López, Javier
15.	Villanueva Torres, Daniel
ESTUDANTES	
1.	Antonio Fontán, Nuria
2.	Domínguez Blanco, Santiago
3.	Filgueira Lemes, Carmen
4.	Rico Fuentes, Juan Jesús
PAS	
5.	Romo Pérez, M ^a del Carmen

Desculpan a súa ausencia: Lino Álvarez Vázquez, Natalia Caparrini Marín, Ángeles Domínguez Santiago, Andrés Elías Feijoo Lorenzo, Iciar Goicoechea Castaño e Carmen Pérez Pérez

ANEXO III

Guías docentes

- **Tecnoloxía Medioambiental**
- **Termodinámica e transmisión de calor**



ANEXO IV

Informe de coordinación do Mestrado en Enxeñaría de Minas